

OS CADERNOS BERCIANOS. O LÉXICO URBANO.

As zonas urbanas da cidade de Ponferrada, as vilas e as aldeas da rexión berciana amosan un importante léxico en galego. Aquí recompilamos este vocabulario para que poida ser coñecido por todos e usado polos cidadáns e as institucións locais (Consello Comarcal, concellos e pedanías).

NAS ZONAS VELLAS.

O edificio máis importante das capitais municipais é a Casa do Concello, onde se xunta a corporación local. Nos centros urbanos antigos existe a Praza Maior, onde xorden amplos soportais para mercados con teatros, casinos e igrexas. Tamén existen, na meirande parte das localidades, a Casa da pedanía para as xuntas veciñais.

Entre os edificios relixiosos temos a igrexa, a colexiata de Vilafranca, o santuario das Angustias de Cacabelos, o cenobio, a abadía, as capelas, o mosteiro de Carracedo, as ermidas e demais. Cerca das igrexas rurais existen os adros e os cemiterios.

As localidades do Bierzo teñen rúas que forman o rueiro mais hai outras calellas ou calexos. Tamén temos beirarrúas por onde andan os peóns e sumidoiros de augas pluviais. As rúas teñen vivendas e predios (solares). Na trama urbana hai prazas e cruzamentos. Nas vilas do Camiño de Santiago xorden cruceiros e o milladoiro (moreas de pedras) na Cruz de Ferro.

As máis importantes localidades estiveron arrodeadas polas cercas medievais, casos de Ponferrada e Vilafranca. Outras tiveron castelos, en Bembibre, Valboa, Corullón, Cornatelo, etc. A nobreza habitou os pazos ou pacios. Os ríos bercianos son atravesados por pontes históricas ou modernas e máis pequenos pontelos.

OS SERVIZOS PÚBLICOS.

Entre os abundantes servizos públicos destacan os xulgados, centros de saúde, xeriátricos, tanatorios, etc. As administracións públicas están formadas polas estatais, autonómicas, provinciais (Deputación de León), entes locais (Consello Comarcal, concellos e pedanías rurais).

As institucións educativas teñen as escolas infantís e de primaria, institutos de ensino medio, escolas de idiomas, escolas de oficios e universidades coas súas facultades e campus.

AS ZONAS VERDES E DEPORTIVAS.

As nosas vilas e cidades teñen xardíns, destacando a Alameda de Vilafranca do século XIX. Ao seu carón xorden os paseos e as praias fluviais para desfrute dos cidadáns.

As zonas deportivas abranguen os pavillóns deportivos cubertos e os campos de fútbol, as pistas de atletismo, as zonas de baños, etc.

Outras áreas dotacionais corresponden coas Casas da Cultura, tanatorios, Casas da Garda Civil, etc. As vilas e cidades necesitan grandes aparcadoiros para deixar os numerosos autos dos seus cidadáns e turistas.

As localidades rurais ben poden recuperar as vellas airas comunais cos traballos das mallas coma recreación histórica. Outro tanto pode acontecer cos lavadoiros públicos, as fontes comunais, os lagares, os vellos potros de madeira, etc.

OS CENTROS COMERCIAIS.

Salientamos as antigas ferrarías para producir produtos de ferro. Nos muiños obtíñan fariña dos cereais (trigo, centeo, maízo...). Os fornos comunais elaboraban pan e están a ser restaurados en moitas localidades. Nas tabernas e adegas privadas vendíanse os viños da colleita local.

O comercio tradicional existe hoxe nas tendas, panadarías, peixerías, quioscos, mercados e feiras locais, perruquerías (barbería), pastelarías, carnicerías e demais. Mentres que no comercio moderno atopamos unha variada oferta de servizos bancarios ou financeiros, tecnolóxicos, etc.